

---

## ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA do COEQGa

---

En Santiago de Compostela a 14 de marzo de 2009 no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñería da Universidade de Santiago de Compostela, sendo as 18:30 h, en segunda convocatoria asisten os Colexiados que se relacionan no Anexo I á Asemblea Xeral Ordinaria (AXO) do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia (COEQGa).

Preside a AXO a Presidenta do Colexio Dña. Almudena Hospido Quintana, e actúa como secretaria a Vicesecretaria Dña. María Botana Rocamonde.

A Asemblea fora convocada mediante comunicación postal, correo electrónico, e mediante anuncio en prensa coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Informes da Presidenta (asuntos económicos e visado)
3. Aprobación dos orzamentos para o ano 2009
4. Turno aberto

A AXO comeza coa aprobación da acta da asemblea anterior para de seguido dar paso aos informes da Presidenta.

En primeiro lugar coméntanse os seguintes aspectos do Colexio: obtención do CIF, certificado de exención do IVE e conta bancaria. A continuación, a Presidenta cede a palabra a Martín Chao -vogal da Xunta de Goberno do Colexio- para informar sobre o proceso de visados. Martín presenta un cronograma que se adxunta como Anexo III a esta acta e no que se establece que a finais de xuño provisionalmente poda estar preparado o servizo de visados para entrar en funcionamento.

Preséntase tamén neste punto o primeiro número da Revista dixital do COEQGa porque recolle un artigo resumo sobre o estado do proceso de visados.

Martín Chao tamén informa sobre as condicións dun servizo de asesoramento legal tanto profesional como persoal coa entidade Legalitas para a valoración do orzamento que esta entidade ou outra ofrezan ao Colexio.

A Presidenta informa da decisión do Colexio de Enxeñeiros Industriais de Cataluña de Colexiar aos enxeñeiros químicos a pesar da negativa do Consello Nacional de Colexios. Se finalmente este Colexio catalán acolle aos enxeñeiros químicos poderíase establecer un convenio de colaboración para traballar con este Colexio.

A Presidenta informa sobre os comités asesores do Colexio, que se constituirán por distintos Colexiados que pola súa actividade profesional estean próximos a determinadas actividades industriais, ao sector servizos ou á administración. Entre tódolos contactados máis dun 50% mostrou interese en participar nestes comités asesores cos que a Xunta de Goberno recibirá apoio nos temas que se lle escapen.

A continuación, a Presidenta cede a palabra a María Francisco para a presentación do orzamento do Colexio en nome da Tesoureira que está ausente. Adxúntase como Anexo II a esta acta o resumo do orzamento. A presentación deste orzamento, provocou un intenso debate entre os asistentes.

O Colexiado Iago Carballal plantexa que no caso de que non se produzan as 20 Colexiacións previstas o COEQGa estaría en "números rojos" e pregunta que se faría nese caso. A Presidenta respóndelle que nun primeiro momento suprimiríanse todos aqueles gastos non prioritarios (anuncios en prensa, web, etc.) tratando de dispor de orzamento na medida do posible tanto para o seguro de responsabilidade civil da Presidenta como para os gastos de persoal do Colexio. Tamén se lle indica que existen outras vías de financiamento como son os visados e a celebración de cursos e de xornadas técnicas. Como último recurso tamén se presenta a posibilidade de convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria para aumentar a cuota do Colexio e salvar a situación.

O colexiado Ramón Blanco reforza a idea de que o colexio acadará ingresos pola vía dos visados e da formación.

O vogal da Xunta de Goberno Antonio Cuevas indica que o escenario non é tan negativo e que nun último caso tamén existe a opción de prescindir do administrativo do colexio.

A Presidenta comenta que entre xuño e xullo valorárase se realmente hai unha desviación importante en materia económica para tomar unha decisión ó respecto.

Novamente Iago Carballal apunta que é preciso xestionar adecuadamente o orzamento para evitar entrar nunha situación de “números rojos”.

O colexiado Francisco Mosquera sinala que podería interesar ao colexio non facilitar visados durante o 2009. Así aforrariáanse cartos.

A Presidente contesta que o colexio xa recibiu interese en poder visar por parte dalgúns colexiados e que por tanto o obxectivo é poñer este servizo a funcionar no verán.

A continuación apróbase o orzamento do colexio.

De seguido a Presidenta presenta dúas propostas de carnet de colexiado co mesmo deseño pero en tamaños diferentes. Tamén explica a decisión tomada na Asemblea anterior para a asignación do número de colexiado.

Retómase o tema dos visados e Antonio Cuevas pregúntalle a Martín Chao qué tipo de traballos precisan visado. Martín Chao indica os seguintes: coordinacións de seguridade e saúde; informes acústicos; estudos, proxectos e instalacións de protección contra incendios; proxectos de cálculo de estruturas; estudos de seguridade e saúde laboral; estudos e avaliacións de impacto ambiental; legalizacións de instalacións; autorizacións ambientais integradas; entre outros.

Martín Chao sinala que precísase formación en moitos destes campos, pero nun primeiro lugar información sobre a normativa que afecta a un estudo ou proxecto a visar. É importante elaborar ou contratar unha base de datos coa normativa que afecta.

A Presidenta engade que no Colexio de Valencia visan sobre todo autorizacións ambientais integradas e coordinacións de seguridade e saúde.

Un dos colexiados asistentes comenta que consultou coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sobre proxectos que requiren dun visado e indicáronlle que se o proxecto se recibe co visado dun colexio, a Consellería non se mete en nada máis.

O colexiado Francisco Mosquera plantexa qué se faría no caso de que un autónomo ou unha empresa acudira ao colexio para que se lle visara un proxecto e que recibísemos unha denuncia por parte do Colexio de Enxeñeiros Industriais alegando que non temos competencias. ¿En que situación quedaría o proxecto desa empresa ou autónomo? ¿Paralizaríase?.

Antonio Cuevas respóndelle que sería un tema a mirar xa que sempre houbo denuncias entre colexios profesionais.

Iago Carballal indica que debería ser o primeiro tema en ter claro por parte do colexio.

A Presidenta salienta a necesidade de contar cun servizo de asesoramento legal como o presentado ao inicio da Asemblea.

Francisco Mosquera fai agora unha serie de suxerencias de mellora da web do colexio. Indica nun primeiro lugar que a web só está en galego aínda que dispón de opcións para outros idiomas. A súa proposta de mellora é que se xestione a través dun foro, xa que moitas das preguntas plantexadas ao longo da Asemblea poderían quedar resoltas empregando esta vía e descargaría un pouco de traballo ao administrativo.

A Presidenta indica que a web é provisional e sinala a web do colexio de Valencia como un modelo a seguir e na que se inclúe un foro. Comenta tamén que o colexio está á espera de recibir un orzamento adecuado para emprender esta tarefa.

Francisco Mosquera fai outra aportación de mellora de cara ao futuro indicando que un enxeñeiro químico que non precise visar proxectos, podería demandar formación ao colexio ou contactos con entidades de formación interesantes.

A Presidenta indicalle que é unha das misións do comité asesor o establecer convenios con empresas e entidades de formación e doutro tipo para ofertar servizos de calidade aos colexiados.

Iago Carballal propón facilitar a asistencia á Asemblea avisando con máis antelación (con 3 meses por exemplo, mellor que 2 ou 3 semanas). Propón engadir como último punto da orde do día da asemblea o fixar xa a data da próxima.

A Presidenta indícalle que a proposta é moi axeitada, e que a asemblea en curso foi anunciada na web con 2 meses de antelación. Propónse facer unha en outubro para avaliar a posta en marcha do colexio.

Decídese que a próxima será o primeiro fin de semana de febreiro (sempre que sexa posible), notificando aos colexiados antes de Nadal a data da próxima Asemblea.

Ramón Blanco pregunta pola relación do colexio coas distintas consellerías.

A Presidenta explica as diferentes visitas realizadas ás consellerías coas que o colexio podía ter relación (innovación e industria; medio ambiente e desenvolvemento sostible; medio rural e presidencia). En todas os contactos foron positivos exceptuando o órgano de Augas de Galicia, co que nunca se conseguiu manter unha reunión. Tamén foron perseguidas aquelas convocatorias de emprego público nas que os enxeñeiros químicos foran rechazados.

O COEQGa non é coñecido polas consellerías, xa que sempre se actuou como AGaEQ co obxectivo precisamente de crear o colexio. Agora, unha vez realizados os cambios oportunos na administración será momento de acudir de novo con outro espírito.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 19:30 h.

Dna. María Botana Rocamonde,



Vicesecretaria do COEQGa.

COEQGa

## ANEXO II Orzamento do colexio (Resumo)

### II.1 INGRESOS 2009 (Estimación)

### II.2 GASTOS 2009 (Estimación)

### II.3 RESUMO DA ESTIMACIÓN ORZAMENTARIA 2009

#### II.1 INGRESOS 2009

INGRESOS Xaneiro-Febreiro 2009	
Cuotas colexiados 2009	11.230,00 €
Fondo remanente donación AGaEQ	1.071,30 €
Fondo (Administrativo)	252,90 €
Fondo Lápicos 4	48,34 €
Fondo Imprenta Plana	157,41€
<b>TOTAL (Xan-Feb)</b>	<b>12.759,95 €</b>
ESTIMACIÓN INGRESOS 2009	
20 Cuotas de Alta	2.600 €
20 Cuotas Anuales	1.300 €
10 Cuotas Precolexiación	200 €
<b>TOTAL (Estimación)</b>	<b>4.100 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>16.859,95 €</b>

## ANEXO II Orzamento do colexio (Resumo)

## II.2 GASTOS 2009

GASTOS Xaneiro-Febrero 2009	
Cuotas (Comisións e Devolucións)	204,65
Gastos Administrativo	1.178,17€
Gastos Fondo administrativo	37,80 €
Anuncio Prensa (El Correo Gallego)	197,2
<b>TOTAL (Xan-Feb)</b>	<b>1.617,82€</b>
ESTIMACIÓN GASTOS 2009	
Gastos Administrativo	7.000 €
Gastos Oficina	1.400 €
Gastos Envíos Postales	400 €
Gastos web COEQGa	600 €
Anuncios Prensa	400 €
Viaxes/Dietas XG/Comité Asesor	1500 €
<b>TOTAL (Estimación)</b>	<b>11.300 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>12.917,82 €</b>

## II.3 RESUMO DA ESTIMACIÓN ORZAMENTARIA 2009

INGRESOS	16.859,95 €
GASTOS	12.917,82 €
SALDO	(+) 3.942,13 €

